

## ACTA Nº 2019/16

# SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,  
LUNS, 28 DE OUTUBRO DE 2019

No día de hoxe, ás **20:35 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE** do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

**ASISTEN:**

*PP (GPM do PP)*

RAMON MARTINEZ RIAL

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA

YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS

JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

*PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)*

JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO

BEATRIZ GONZALEZ BARGO

IVAN BERMUDEZ CASTRO (*PSdG-PSOE*)

*BNG (Grupo Mixto)*

ANXO MOLEDO CARREÑO

**AUSENCIAS:**

RAMÓN FIGUEROA PÉREZ

**SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:**

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

Parte resolutiva:

- 1 Ratificación, se procede, da urxencia da sesión.



- 2 Aprobación, se procede, da participación e aceptación expresa do procedemento regulado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril (BOE núm.103 do 30 de abril), relativo á concesión directa de subvencións para proxectos singulares que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono co proxecto: “**Ahorro energético en los alumbrados públicos del Ayuntamiento de Lousame (FASE II)**” cun orzamento de 927.271,40 € IVE incluído.

## 1) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, relativa á ratificación da urxencia da sesión, que é a que de seguido se indica:

.....

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que o pleno do ente local, ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

As razóns que motivan a urxencia na convocatoria da sesión son as seguintes:

### **Aprobación da participación na segunda fase da liña de axudas que outorga o IDAE** 2

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 449/2019 do 08.08.2019 resolveuse aprobar o proxecto “Aforro enerxético nos alumbrados públicos do Concello de Lousame (Fase II)” cun orzamento total, con IVE incluído de 927.271,40 €, financiado nun 80% (741.817,12 €) polo Instituto de Aforro e Diversificación Enerxética (IDAE).

O 16.10.2019, con rexistro de entrada núm. 2630, recíbese un requirimento do IDAE no que entre outros aspectos, esixen emendar a resolución de aprobación do proxecto técnico, así como que o mesmo sexa acordado polo Pleno Corporativo. O prazo outorgado ao efecto é de 15 días naturais.

Co obxecto de proceder no máis breve prazo posible a cumprimentar o requirimento efectuado polo ente subvencionador; posibilitar a emisión do certificado e posterior presentación da emenda ante o IDAE no prazo outorgado ao efecto, é polo que esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que:

Ratifique a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o **luns, día 28 de outubro de 2019, ás 20:30 horas.**

*Documento asinado dixitalmente*

A Alcaldesa

M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais



Non habendo intervencións, a Alcaldesa somete a votación a proposta de acordo.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Ratificar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o luns, día 28 de outubro de 2019, ás 20:30 horas.**

**2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN E ACEPTACIÓN EXPRESA DO PROCEDIMENTO REGULADO POLO RD 316/2019 DO 26 DE ABRIL, RELATIVO Á CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS SINGULARES QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO CO PROXECTO "AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL AYUNTAMIENTO DE LOUSAME (FASE II)" CUN ORZAMENTO DE 927.271,40 €.**

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

**María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, propón ao Pleno Corporativo a adopción do presente ACORDO:**

Antecedentes Administrativos:

- 1 O Concello de Lousame está interesado na solicitude da liña de axuda "Programa de axuda a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono" para levar a cabo accións que conleven o aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame.
- 2 Esta liña de axudas réxense polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril (BOE núm. 103 do 30 de abril) que amplía o orzamento, a vixencia e modifica determinados requisitos da convocatoria de axudas establecidas no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, que regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 144 do 17 de xuño), que á súa vez, xa fora modificado previamente polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro (BOE núm. 314 do 29 de decembro)
- 3 Mediante Resolución da Alcaldía núm. 449/2019 do 08.08.2019 resolveuse aprobar o proxecto "Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame (Fase II)" cun orzamento total, con IVE incluído de 927.271,40 €, financiado nun 80% (741.817,12 €) polo Instituto de Aforro e Diversificación Enerxética (IDAE).
- 4 O 16.10.2019, con rexistro de entrada núm. 2630, recíbese un requirimento do IDAE no que entre outros aspectos, esixen emendar a resolución de aprobación do proxecto técnico, así como que o mesmo sexa acordado polo Pleno Corporativo. O prazo outorgado ao efecto é de 15 días naturais.

Así, á vista dos antecedentes expostos e co obxecto de proceder a cumprimentar o



requirimento efectuado polo IDAE, este Pleno Corporativo ACORDA:

**Primeiro:** A aprobación da participación do Concello de Lousame e aceptación expresa do procedemento regulado polo RD 316/2019 do 26 de abril (BOE núm. 103 do 30 de abril) que amplía o orzamento, a vixencia e modifica determinados requisitos da convocatoria de axudas establecidas no RD 616/2017 do 16 de xuño, que regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 144 do 17 de xuño), que xa fora modificado previamente polo RD 1516/2018, do 28 de decembro (BOE núm. 314 do 29 de decembro)

**Segundo:** Aprobar o proxecto técnico singular subvencionable, denominado **“Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame (Fase II)”**, cun orzamento de 927.271,40 €, IVE incluído.

**Terceiro:** Comprometerse a realizar a dotación orzamentaria necesaria para executar a totalidade do proxecto técnico singular subvencionable, por importe de 927.271,40 €, IVE incluído.

**Cuarto:** Aprobar a memoria descritiva das actuacións a acometer denominada **“Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame (Fase II)”**, incluída no expediente administrativo.

**Quinto:** Remitir certificado deste acordo ao IDAE.

Lousame, na data da sinatura dixital.  
A Alcaldesa  
María Teresa Villaverde Pais

4

.....  
A Alcaldía explica en que consiste o proxecto para o cal se solicita esta subvención do IDAE. Sería o segundo proxecto que se presenta nesta liña de subvencións. O primeiro proxecto está sendo licitado neste momento.

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

D. Julio M. D. Paradela Busto, voceiro do PSdG-PSOE, pregunta cando se saíu publicada esta convocatoria. Xa que pola prensa puido coñecer que outros Concellos da comarca xa recibiron a concesión desta subvención.

A Alcaldesa non recorda exactamente a data, pero foi antes de xullo deste ano. A primeira resolución relativa a esta subvención foi do 08.08.2019; polo que a convocatoria tivo que ser anterior, xa que logo houbo que redactar o proxecto subvencionable. En relación ao publicado na prensa, indica que o IDAE vai resolvendo en función de como teñan entrada as solicitudes e sempre que non estea esgotado o crédito. De feito, o primeiro proxecto do IDAE foi publicado no ano 2017, pero foi a concesión foi notificada ao Concello en abril deste ano 2019.

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.



**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

<<Antecedentes Administrativos:

- 1 O Concello de Lousame está interesado na solicitude da liña de axuda “Programa de axuda a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono” para levar a cabo accións que conleven o aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame.
- 2 Esta liña de axudas réxense polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril (BOE núm. 103 do 30 de abril) que amplía o orzamento, a vixencia e modifica determinados requisitos da convocatoria de axudas establecidas no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, que regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 144 do 17 de xuño), que á súa vez, xa fora modificado previamente polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro (BOE núm. 314 do 29 de decembro)
- 3 Mediante Resolución da Alcaldía núm. 449/2019 do 08.08.2019 resolveuse aprobar o proxecto “Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame (Fase II)” cun orzamento total, con IVE incluído de 927.271,40 €, financiado nun 80% (741.817,12 €) polo Instituto de Aforro e Diversificación Enerxética (IDAE).
- 4 O 16.10.2019, con rexistro de entrada núm. 2630, recíbese un requirimento do IDAE no que entre outros aspectos, esixen emendar a resolución de aprobación do proxecto técnico, así como que o mesmo sexa acordado polo Pleno Corporativo. O prazo outorgado ao efecto é de 15 días naturais.

Así, á vista dos antecedentes expostos e co obxecto de proceder a cumprimentar o requirimento efectuado polo IDAE, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

**Primeiro:** A aprobación da participación do Concello de Lousame e aceptación expresa do procedemento regulado polo RD 316/2019 do 26 de abril (BOE núm. 103 do 30 de abril) que amplía o orzamento, a vixencia e modifica determinados requisitos da convocatoria de axudas establecidas no RD 616/2017 do 16 de xuño, que regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 144 do 17 de xuño), que xa fora modificado previamente polo RD 1516/2018, do 28 de decembro (BOE núm. 314 do 29 de decembro)

**Segundo:** Aprobar o proxecto técnico singular subvencionable, denominado “**Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame (Fase II)**”, cun orzamento de 927.271,40 €, IVE incluído.

**Terceiro:** Comprometerse a realizar a dotación orzamentaria necesaria para executar a totalidade do proxecto técnico singular subvencionable, por importe de 927.271,40 €, IVE incluído.

**Cuarto:** Aprobar a memoria descritiva das actuacións a acometer denominada “**Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame (Fase II)**”, incluída no expediente administrativo.

**Quinto:** Remitir certificado deste acordo ao IDAE>>

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte horas e corenta minutos (20:40 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

María Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

